



Confederación Intersindical Galega

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA**Mesa de Formación**

No día de onte a parte social reuniuse coa Administración para facer o seguimento do Plan de Formación deste ano.

A AEAT comentounos diversas cuestións de interese, que pasamos a resumir.

Cursos de preparación á promoción interna:

- **Axentes de Vixilancia Aduaneira**, estase a comunicar aos solicitantes a apertura do curso para o día 22 de decembro.
- **Corpo Executivo de Vixilancia Aduaneira**, a comunicación coa información de inicio do curso farase de xeito inmediato, o comezo está previsto pouco antes de fin de ano.
- Tanto para Axentes como para o Corpo Executivo elaboráronse novos temarios totalmente actualizados e feitos por persoal da casa.
- O curso de preparación ao **Corpo Superior de Vixilancia Aduaneira** queda ata principios de 2017.
- **Corpo Técnico de Facenda:**

Nestes días sairán as notas do primeiro exame. Quen queira disfrutar do permiso retribuído para preparar o segundo exame debe estar atento á convocatoria do correspondente curso de preparación e solicitalo expresamente.

- Moi importante tamén, que todo aquel que queira anotarse aos cursos de promoción interna e se lle pasara o prazo, pode solicitar o acceso ao curso mediante un correo electrónico a formacionaeat@correo.aeat.es

Outros cursos:

Cursos de Introducción á área de Recadación, convocarase nestes días para comezar o 12 de xaneiro, tamén está previsto para o primeiro trimestre o de Igualdade e o curso para a obtención da especialidade tributaria.

Plan de Formación do 2017:

Vaise parecer en moito á de 2016, hai programadas 60 accións formativas, como novidades, dentro de saúde laboral, a de educación da voz e o de sedentarismo e saúde.

En canto aos cursos sobre IVA vaise facer un test para dividir os solicitantes en dous niveles segundo o seu grado de coñecementos previos, tamén está previsto realizar un curso en inglés.

Atendendo a nosa proposta, a Axencia buscará facer posible realizar un curso de inglés marítimo para compañeiros de Vixilancia Aduaneira

Noutro orde de cousas, a AEAT informounos que na última quincena de xaneiro estará habilitada a posibilidade de acceder, desde a casa, á Oficina Virtual ¡¡xa era hora!!.

Achegamos, coa nota informativa, a proposta da AEAT dos cursos para o ano que vén. Se queredes facernos chegar suxestións, contactade con nós.